

Aula de natureza da

Serra
dos ANCARES



*Itinerario ambiental á
Campa de Tres Bispos*

1

Camiñar para coñecer, coñecer para conservar

XUNTA DE GALICIA

¿Como usar esta guía?

Esta pequena guía pretende achegar ós visitantes desta aula de natureza a todos aqueles aspectos naturais, culturais e patrimoniais que fan deste contorno un espacio para aprender a conservar o noso patrimonio.

Os itinerarios organízanse arredor de paradas relativas a aspectos do medio natural, etnográfico e cultural que pola súa peculiaridade, valor ou singularidade merecen ser destacados.

2 **As paradas** que se realizan ó longo do percorrido encóntanse convenientemente sinalizadas cos seus respectivos postes indicadores, así como os desvíos e dirección a seguir durante o noso percorrido.

¿Como comportarnos naturalmente durante o noso camiñar?

Para evitar crear impactos innecesarios debes ter en conta algunhas das seguintes recomendacións:

- Evita camiñar fóra dos camiños. Estes encóntanse debidamente sinalizados. Se os abandonas estas creando un impacto innecesario.
- Deixa o vehículo no aparcadoiro e goza do contorno camiñando polo itinerario que te propoñemos.

- Deposita nos contedores o lixo que produzas durante a túa visita. Sería importante que fixeras unha recollida selectiva e a depositaras nos contedores axeitados.

- A auga é fonte de vida. Por iso debes manter limpas as fontes e cursos de auga. Nós mesmos ou outros seres vivos poderíamos precisala máis adiante.

- Ten coidado co lume. Un incendio causa graves prexuízos na natureza e mesmo podemos poñernos en perigo.

- Respecta as plantas e animais, xa que todos cumpren un importante papel na natureza.

- Lembra que os animais domésticos ceibes poden asustar a outras persoas ou molestar ós animais que teñen neste lugar un refuxio de tranquilidade.

3

- Aproveita estes momentos para disfrutar do contacto coa natureza. Esquece as prásas, utiliza todos os sentidos, presta atención ás pequenas cousas e ven visitar este espacio en distintas épocas do ano.



*Aula de natureza
dos Ancares*

Serra dos ANCARES



Itinerario ambiental à Campa de Tres Bispos



Aula de natureza da

Serra dos ANCARES



6

Percorrido básico: Aula de natureza dos Ancares (Campa da Braña) – Campa de Tres Bispos e volta polo mesmo sitio. 10 Km. Percorrido lineal. 3h 15 min de tempo andando (2 h ida e 1h 15 min volta).

Dificultade: media, accesible para público con mobilidade reducida e incapacitados.

Itinerario alternativo 1: subida ó pico Tres Bispos e baixada (3 km, 40 min subida e 25 min baixada).

Dificultade: media-alta, non accesible para incapacitados.

Inicio e fin: Aula de natureza dos Ancares.

Aparcadoiro: Aula de natureza ou albergue do clube Ancares.

Introducción

O itinerario que describimos a continuación realiza un percorrido desde a Aula de natureza dos Ancares ata a Campa de Tres Bispos, para volver de novo ó inicio. Existe un itinerario alternativo unido a este principal, con subida ó pico Tres Bispos.

Neste itinerario ambiental poderemos coñecer-la media e alta montaña da serra dos Ancares, con fragas autóctonas singulares en Galicia, moi importantes para a conservación da diversidade biolóxica. Unidos a estes valores naturais, consérvanse tradicións, arquitecturas tradicionais e usos do territorio interesantes de coñecer pola súa conexión directa co medio.

A serra dos Ancares está situada na provincia de Lugo, na súa zona oriental.

Ten unha extensión de 12.700 ha, e a súa orientación NE-SO divide as provincias de Lugo e León, con cumes de arredor dos 1.900 m de altitude, os máis antigos e erosionados da cordilleira Cantábrica, con aproximadamente 500 millóns de anos.

Na actualidade está catalogada como Reserva Nacional de Caza, zona de recuperación do oso pardo e está incluída na Rede Europea Natura 2000.

parada 1

Os aproveitamentos humanos reduciron a extensión das fragas para poder vivir da agricultura e da gandería

Esta área de montaña determina unhas condicións de vida moi esixentes, polo que os ancareses adoptaron distintas estratexias para sobrevivir. Deste xeito, a súa vida baséase nunha economía da subsistencia, ordenando os seus cultivos para tirárlle-lo máximo proveito.

8 Na zona de Degrada, a uns 1.200 m de altitude, utilizan os terreos orientados ó sur, máis soleados e productivos, para labores agrícolas como veigas de regadío que producen para o gando, hortas e outros cultivos. Parte desas zonas quedan sen cultivar, a monte baixo. Entre outros recursos, o monte baixo produce alimento para as abellas. As abellas teñen as súas colmeas no interior das alvarizas ou cortíns. Estas construcións están constituídas por un muro alto circular que protexe as colmeas de posibles ataques de depredadores, como o oso pardo. Na ladeira orientada ó norte está a fraga, da que os veciños extraen madeira para leña e outros usos. O pan ou centeo seméntase, na actualidade minoritariamente, nas zonas máis altas, pola súa resistencia e adaptabilidade a este clima e ós solos pobres. O centeo foi moi importante para a alimentación, ademais

de proporciona-la palla para a construción dos teitos das pallozas. Por último, nas zonas próximas ós cumes, utilizaban os pasteiros ou malladas, con excelente pasto para o gando no verán.



*Distintos
aproveitamentos
do territorio*

9

O oso pardo, un visitante de excepción

O oso pardo foi común en Galicia e as súas poboacións chegaban no século XIX a lugares tan afastados dos Ancares como A Ulloa e Terra de Montes. O mesmo ca no resto da península Ibérica, a elevada presión humana sobre o medio fixo que o seu hábitat quedase reducido a unhas escasas áreas de

montaña, e, de feito, hoxe en día só sobreviven nalgúns lugares da cordilleira Cantábrica e nos Pireneos. Hoxe en día, o número de exemplares ibéricos non chega ó cento. As poboacións máis próximas a Galicia sitúanse nos montes asturianos. Durante o inverno os osos refúxianse en covas, reducindo ó mínimo o seu nivel de actividade. Cando chega a primavera, saen dos seus acubillos e camiñan moitos quilómetros en busca de alimento. Eses osos de Asturias achéganse a Galicia a través dos Ancares, e incluso nalgunha ocasión chegaron ata a veciña serra do Courel.

10



O oso pardo achégase ós Ancares na primavera

parada 2

As fragas enriquecen a nosa vida

As fragas son o resultado dunha evolución natural, gardando equilibrio coas características do solo, clima e orientación. Proporcionan materias primas (madeira, froitos, principios para menciñas), podemos gozar da súa paisaxe ou pasear por elas... As fragas contribúen ó equilibrio ecolóxico do medio, conservando recursos tan necesarios como o aire, os solos e a auga.

A píntega rabilonga nada moi ben

Asociada á auga que conservan as nosas fragas vive este anfibio. É un excelente nadador, cunha longa cola. Vive no noroeste peninsular,

polo que supón un valor raro e singular que se debe conservar. Habita zonas onde hai moita humidade, en liques ou regatos. O seu corpo é de cor parda escura; atópase agachada entre as



*A píntega rabilonga,
un endemismo
do
noroeste
ibérico*

pedras e a vexetación. Desenvolve a súa actividade principalmente pola noite, e aliméntase de insectos que captura coa súa longa lingua.

Nos últimos anos estase a detectar unha crescente diminución das especies de anfibios condicionada ó debilitamento da capa de ozono e á mala conservación dos espazos húmidos e da calidade da auga.


A abeleira aporta enerxía á vida da fraga

12

A abeleira bota multitude de pólas desde a base, e acaba nunha copa estendida. Ten follas caducas de forma redondeada e aserrada que acaban en punta. O seu froito, a abelá, madura no outono envolto nunha casca. Resulta altamente enerxético, polo que se converte nun regalo apetecible para toda a fauna da fraga.

Está acompañada da estripeira, o freixo, o pradioiro ademais de plantas como as uvas de can, as primaveras ou as silvas.

Coa súa madeira fanse fortes caxatos, empregándose tamén para a cestería.



O bosque de Cabana Vella: unha mostra do valor ecolóxico dos Ancares

A posición da serra dos Ancares (extremo da cordilleira Cantábrica), a gran altitude dos seus cumes e o feito de ser unha das áreas menos deterioradas de Galicia, danlle unha elevada importancia ecolóxica. Esta serra posúe algunhas das fragas máis importantes e mellor conservadas de toda Galicia. A de Cabana Vella constitúe un magnífico exemplo, agachando unha boa parte da diversidade biolóxica dos Ancares. A fraga non é só un conxunto de árbores, nela tamén hai outros seres vivos que habitan neste espazo común. Todos constitúen un sistema vital moi complexo que cómpre conservar.

13

Especies moi escasas en Galicia como a lagartixa das brañas (encontrada só nos Ancares e na serra do Xistral), a arcea, a lebre de Castroviejo (endémica nos Ancares), a pita do monte (a piques de se extinguir), ou o oso pardo encontran nesta serra e nos seus bosques mellor conservados (como o de Cabana Vella), un espléndido lugar para seguir vivindo.

As actividades turísticas na natureza poden supoñer un impacto que perturbe a tranquilidade destas especies e altere os seus hábitats.

Debemos colaborar activamente e evitar discorrer por aquelas áreas máis sensibles e as que teñan limitado o acceso.

A fraga centenaria agacha sorpresas abraiantes

Os grandes troncos centenarios dos carballos, que teñen as súas polas esgazadas polo temporal ou os lóstregos, deixan buratos nas súas feridas. Estes abren novas posibilidades de hospitalidade a outros seres vivos.

Avelaiona



As avelaionas son as aves de rapina nocturnas máis frecuentes na fraga. Poden ter dúas coloracións: cincuenta e parda, e imitan perfectamente a casca das árbores, de tal xeito que resulta difícil descubrilas.

A súa presenza dedúcese na noite polo son que emiten: un oulear que utilizan para marca-

lo o seu territorio de caza. Cazan ó asexo, pois teñen un excelente oído. Aliméntanse dunha variedade sorprendente de presas (insectos, aves, réptiles, anfibios...) aínda que as máis comúns son os ratos. Comen as súas presas enteiros, para despois devolve-los restos de pelos e ósos en forma de bola (egagrópilas). Teñen moita importancia ecolóxica como reguladoras das poboacións de rilladores, insectos..., pois manteñen o equilibrio do ecosistema.

15

A corta rubia é unha habitante das tebras

Este pequeno rillador, de aproximadamente 25 g de peso, percorre incansable a noite da fraga para atopar alimento. Ten o lombo en tons rubios, o resto do corpo gris e a cola acaba nun pincel de cor negra.

Son mamíferos que non hibernan, polo que nas súas pequenas galerías gardan alimentos como abelás, sementes, castañas....

Constitúen un recurso alimenticio importante para animais como as avelaionas, xenetas, martas...

parada 3

O carballo ofrece fogar e despena a unhas 300 especies de animais

Esta árbore é a representante máis abundosa nas fragas galegas autóctonas; pode chegar a acadar ata 50 m de altura e vivir ata 1.000 anos. Está acompañado nas fragas por distintas árbores e vexetación, e a súa distribución no val ordénase segundo a altura e a orientación.

16

Á carón do carballo viven na fraga moitas especies de arbustos e herbas, entre os que podemos atopar a uz branca, a arandeira, o fento común, a lúzula, a saxífraga, a soldaconsolda, a seixeibra... Todas elas dan cor na primavera e principios medicinais que podemos utilizar para as nosas doenzas. Das follas e dos froitos do carballo (landras) aliméntanse multitude de animais, desde a fauna máis pequena, como insectos e ratos, á máis grande, como o xabariño ou o corzo. A caída da folla do carballo no outono proporciona elementos nutritivos para o solo. A súa madeira, dura, pesada e resistente á podrencia, usábase antigamente para construír casas e barcos; na actualidade empréganse para facer bocois de viño. A súa casca utilizábase para curti-lo coiro. As carballeiras en Galicia constitúen un referente cultural, sempre están a carón de igrexas e santuarios ou de campos de festas ou feiras. Vicente Risco recolleu da tradición

popular que a sombra dun carballo é a mellor da que se pode gozar. Na fraga viven gran cantidade de aves, como o gaio; o paporrubio real, co seu peito vermello; o ferreiriño negro; o ferreiriño subeliño; o paporrubio común; ou o piquelo azul, que gabea polos troncos das árbores. Podemos oír ás veces o peto real petando co seu peteiro nas árbores en busca de alimento.



17

O carballo, fonte de recursos

parada 4

Os bidueiros poden vivir nas alturas do bosque

Os bidueiros non pasan inadvertidos no contorno debido ó contraste da súa cortiza branca prateada. Teñen unha capacidade de adaptación a condicións de clima e solo severas,

por iso poden vivir ata os 1.700 m de altitude. Estes bidueirais de zonas altas son escasos en Galicia e importantes pola capacidade destas árbores para colonizar e estende-lo bosque a novos lugares nas alturas, onde lle resulta difícil a outras especies. Aparecen mesturados con outras árbores como o teixo, o capudre, o acivro e o carballo. Conviven tamén con arbustos e plantas como o piorno, a valeriana ou o trobisco macho.



18

A súa madeira é branda, branca e flexible; con ela fabricanse zocos, culleres, mangos de ferramentas, aros de bocois, etc. Nos Ancares usouse para face-los **marañóns**, aparellos que, calzados sobre os zapatóns, servían para poder andar pola neve sen afundirse.

O bidueiral é o límite dos bosques en altitude

Os líques indican o estado de saúde dun ecosistema

No tronco e nas pólas das árbores podemos observa-los líques, que son o resultado dun acordo ou simbiose entre unha alga e un fungo. A alga achega a súa capacidade para producir clorofila e o fungo dálle protección e sales minerais. Estes seres vivos son a primeira pel da vida; son capaces de colonizar e de se instalaren nos lugares de condicións máis duras: nas pedras, nos muros...

Un cultivo forestal de piñeiros, que está verde todo o ano

O piñeiro silvestre pode vivir a máis de 1.000 m de altitude, pois adáptase ben ó frío. Para conseguir sobrevivir adaptouse ás condicións climáticas duras empregando unha estratexia: as súas follas permanecen todo o ano na árbore, teñen forma de agulla, son pequenas e están agrupadas de dúas en dúas.

Nestes piñeirais podemos ve-lo esquío realizando acrobacias, ou comendo nos piñóns, ou escoitar, pola noite, o bufo pequeno.

A madeira deste piñeiro, co cerne de cor vermella, emprégase para a ebanistería.

O ferreiriño común caza insectos polo piñeiral

O seu nome vénlle de que o seu canto se semella ó ruído que o ferreiro fai cando golpea o ferro na zafra para traballar calquera peza. Este paxaro distínguese pola súa cabeza e babeiro negros e a característica caluga branca. Aliméntase de insectos, realizando un labor importante para mellora-la saúde dos bosques. Pode chegar a capturar ata 8.000 insectos para completa-la ceba da súa rolada. Aniñan en buratos de árbores. Son paxaros que delimitan

20



os seus territorios, polo que poderemos escoitalos seus cantos incansables, sobre todo na primavera.

*O ferreiriño común
aliméntase no piñeiral*

parada 5

Nas alturas, a fraga deixa paso á matogueira

A matogueira é moi diversa, tanto en plantas como en tamaños; a súa altura pode estar entre uns centímetros e 4 m, constituíndo un bosque en miniatura. Nos Ancares este tipo de vexetación ocupa aproximadamente o 50% do territorio, pois o uso que a xente fai do solo (cavadas, cortas, cultivos, pastoreo, incendios...) favorece a súa expansión. Tamén é debido ás condicións ambientais limitantes nas zonas das alturas, onde os solos son pobres, o clima é moi frío e os ventos, fortes.

As matogueiras teñen gran valor, xa que poden constituí-lo paso anterior á formación do bosque, ofrecen refuxio a moitas especies de animais, reteñen os solos combatendo a erosión e proporcionan a base para actividades como o pastoreo e a apicultura. As campas, claros de vexetación, proporcionan pasto para o gando. Na Campa de Tres Bispos podemos ver dúas especies da matogueira como a xesta branca e a xesta púdia, con plantas como a herba das

21



A xesta branca, unha planta da matogueira

malladas ou a festuca. Antigamente, estas especies cultivábanse para realiza-la rotación cos cereais (centeo, pan) cando as agras tiñan o solo esgotado. Deste xeito, as xestas cumprían dúas funcións: axudaban a enriquece-lo solo e, cando se cortaban, servían para leña ou para cama do gando, producindo esterco para fertiliza-los cultivos.

Nas zonas de mato, máis ou menos tupido, encontran refuxio algunhas aves que están en regresión en Galicia, como a perdiz charrela, a tartaraña azulada ou a rapina cinsenta.

As perdices viven na matogueira alimentándose de vermes e grans

22

Nos Ancares viven dúas especies de perdices, a rubia e a charrela. A perdiz charrela é un endemismo do noroeste da península. As súas poboacións diminúen debido á desaparición dos cultivos de centeo, ós incendios, á apertura de pistas e ás repoboacións forestais. A perdiz rubia é máis abundosa. Adoitan criar dúas rolas anuais, coa colaboración entre o macho e a femia, simultaneamente. Poñen ata 20 ovos no niño, que cobren con vexetación para que non sexa descuberto polos depredadores. Viven en bandos e voan ruidosamente a rentes das matogueiras en tramos curtos.

Nas matogueiras viven tamén outros animais como a chasca, o esgonzo común, a cóbrega lagarteira común, o ourizo cacho e o coello.

Ata aquí chega o percorrido de ida básico; o itinerario de volta vai polo mesmo camiño ata a Aula de natureza dos Ancares.

Como itinerario alternativo, podemos subir ó pico Tres Bispos, para dispoñer dunha fermosa vista da serra dos Ancares.

ITINERARIO ALTERNATIVO 1

Subida ó pico Tres Bispos e baixada
(3 km, 40 min subida e 25 min baixada)

parada 6

Os Ancares, unhas montañas con 500 millóns de anos

Na matogueira que vemos na ascensión ó pico Tres Bispos, con 1.792 m, podemos ve-lo piorno e a queiroga nas alturas próximas ós 1.700 m. No cume poderemos observa-lo xenebreiro rastreiro e a xanzá.

Por outra banda, a paisaxe que podemos observar a media subida é impresionante, xa que terémo-la oportunidade de ve-las fragas mellor conservadas da serra dos Ancares; o val de Ortigal, co aveseado de Donis; e o val do Vara coa fraga de Cabana Vella. Da banda leonesa, observarémo-lo Bierzo e, en días claros, a cheminea da Central Térmica de Ponferrada.

Temos tamén unha paisaxe magnífica da cordilleira, cos cumes máis altos: ó nordés (NE) o pico Mustellar, con 1.924 m, máxima altura nos Ancares Galegos, e tamén o pico Cuiña; ó sueste (SE), Pena Rubia.

Os materiais máis frecuentes nos Ancares son as lousas e as cuarcitas, que datan de hai 500 millóns de anos. Posteriormente, hai uns 22 millóns de anos, rexuveneceu o relevo producindo grandes fallas en dirección NO-SE. A favor destas fallas, e perpendicularmente ós cumes, asentáronse os ríos en fondos vales de dirección NE-SO, formando unha figura que

semella a espiña vertebral dun peixe. No último período glacial, hai 20.000 anos, o xeo modelou profundamente o relevo.

Na baixada do cume volvemos polo mesmo camiño.



*500 millóns de anos
nos contemplan*

parada 7

O capudre alimenta a moitos animais

Esta árbore acubilla moita fauna que se alimenta dos seus froitos. Os cazadores aproveitaban esta circunstancia para cazar.

O capudre resulta de vital importancia para moitas aves e fauna diversa. Os seus froitos, en grandes acios, permanecen moito tempo maduros na árbore, desde outono ata principios do inverno. Esta circunstancia ofrece oportunidades de alimentarse ós animais nas épocas onde comeza a escaseza. O teixugo, no outono e inverno aliméntase dos seus froitos.

Esta árbore aparece sempre mesturada con outras especies como o carballo; resiste ben o frío, superando os 1.000 m de altitude. Os seus froitos desecados, ben maduros ou en comota son bos para o tratamento das diarreas, e ademais conteñen moita vitamina C.



25

Froitos do capudre

parada 8

Os xardóns ofrécenlle casa e despensa á fauna no duro inverno

Esta árbore, que non excede os 10 m de altura, é sempre verde, con follas espiñentas, sobre todo nas súas partes máis baixas, para protexerse dos dentes dos herbívoros. É unha especie moi resistente ó frío e de crecemento lento. Ten pés masculinos e femininos. Nestes últimos podemos ver no outono e no inverno os froitos de cor vermella. Ás veces o acivro forma acevedos, bosques mestos e pechados.

26 *O acivro é un bo refuxio*



A súa importancia ecolóxica é grande porque lle ofrece refuxio e alimento a moita fauna. As súas follas proporcionan abrigo no seu interior, cunha temperatura superior en 3° C ó exterior. Tamén agacha e protexea dos predadores. Por último, o acivro

constitúe unha fonte continua e segura de alimento no inverno, momento de especial escaseza de recursos. As súas follas e froitos ofrecen comida a corzos, lebres, esquí-os, pitas do monte... Estes froitos son venenosos para os humanos.

Esta árbore está protexida pola lei, debido ó perigo que corre por usala como ornamento nas nosas casas no Nadal. Na actualidade non está permitida a súa corta. Debemos desterra-lo uso decorativo ou comprar acivros nos viveiros, pero nunca extraelos do medio natural, xa que o seu mellor papel é seguir protexendo e alimentando a fauna das nosas montañas.

27

O candeeiro, de acivro, alumeaba a palloza

A súa madeira é resistente e dura, non flota na auga e resulta moi boa como combustible. Nas pallozas, a falta de luz eléctrica obrigaba a utilizar elementos do medio para alumea-la vida no inverno. O candeeiro ou pasmón era unha póla do acivro longa e delgada enlazada cun pé. Nun extremo da póla prendíase e ardía a modiño cunha chama semellante á dunha candeia.

O tordo e o acivro teñen unha curiosa sociedade

Tordo



O tordo malvis é un paxaro do tamaño do merlo común, de cor parda, distinguíbel pola súa lista de cor crema por riba dos ollos e pola cor acastañada dos seus flancos. Podemos observalo en Galicia na época invernal. Emigra desde o norte de Europa, fuxindo do frío e na procura de lugares máis aptos para se alimentar.



Este paxaro ten unha relación estreita co acivro, xa que se alimenta dos seus froitos, que despois de pasaren polo seu aparello dixestivo, agroman máis rapidamente. Así espárese as sementes -que, doutro xeito, tardarían máis tempo en agromar- e axuda a expandir estas importantes árbores.

A pita do monte estase a extinguir nos Ancares

É unha das testemuñas máis fermosas da nosa fauna. O macho é espectacular, de plumaxe negra cincinta. Ten o peito de cor azul lousa e verde, e

un penacho vermello na cella. A femia é acastañada, de cara a mimetizarse no niño cando cría á súa rolada e así despista-los inimigos naturais.

As poboacións de pita do monte diminúen ano a ano, polo que están en perigo de extinción nos

Ancares. A causa principal é a redución do seu hábitat polas alteracións humanas.



Pita do monte



parada 9

O teixo é unha árbore escasa en Galicia

Os teixos poden chegar a vivir centos de anos. Aparecen mesturados con outras árbores na fraga.

Conservan a súa folla de cor verde escura todo o ano, e teñen un froito inconfundible de cor vermella cunha envoltura carnosa. Tanto os froitos como as follas alimentan a moita fauna. Aves como as papuxas, o pimpín común ou o

verderolo común aliméntanse dos froitos e sementes cos seus peteiros robustos.

Tódalas partes do teixo son tóxicas para os humanos excepto o arilo carnoso do froito. Da súa casca extráese, en cantidades moi pequenas, o taxol, que serve para tratar diversos cancros.

Ten unha madeira moi dura e densa, moi ben estimada para a ebanistería, para facer instrumentos musicais ou eixes de

carros. As súas pólas delgadas e flexibles utilizábanse para facer arcos.

Conta a lenda que os devanceiros galegos resistiron no Monte Medulio o asedio do emperador romano Augusto e, antes de caeren derrotados, preferiron suicidarse bebendo auga cocida con follas de teixo.

3



*Os teixos poden ser
árbores centenarias*

parada 10

Os grandes incendios prexudican os fíos da vida no medio

Na antigüidade a agricultura tradicional usaba o lume como unha ferramenta para o rexuvenecemento do monte, para eliminar materia orgánica seca e leñosa e favorece-lo desenvolvemento de plantas pastables para o gando. Polo tanto, o lume está ligado á cultura agraria, que segue vixente.

Na actualidade, o uso e aproveitamento do territorio cambiou radicalmente. O mal manexo do lume, o pouco aproveitamento da matogueira e da fraga e a plantación de especies foráneas ocasionan que o lume acade proporcións maiores e que poden ser tráxicas. As consecuencias de grandes incendios repetidos sobre a matogueira, en pendentes grandes, en fragas ben conservadas ou en plantacións forestais poden se-la degradación do solo, o empobrecemento do valor paisaxístico e a erosión producida pola chuvia, que arrastra a capa fértil.

31

A toma de conciencia da sociedade sobre este problema ambiental podería axudar a resolvelo.

Outras visitas no contorno

Piornedo

Dende a aula de natureza podemos achegarnos a Piornedo, unha aldea na que se conservan algunhas das construcións máis antigas de Europa, e que estiveron habitadas ata hai moi poucos anos. As pallozas son vivendas circulares co teito de colmo, a palla do centeo.

No interior da palloza desenvolvíase a maior parte da vida dos ancareses, especialmente nos invernos máis duros.

32

Baixo o seu teito, ademais da familia, vivían os animais (vacas, porcos, galiñas...) e deste xeito, axudaban a quenta-la vivenda e facilitábanse os labores con eles.

No percorrido pola estrada veremos nos Cabaniños os restos das instalacións dedicadas á explotación forestal, actividade moi importante a mediados deste século. Para move-las árbores dende os bosques empregaban un teleférico, do que se poden ver algúns restos.

Existen outras aldeas do lado dos Ancares leoneses que tamén conservan pallozas, como A Balouta.



Hórreo e palloza en Piornedo

Especies citadas neste itinerario

- Abeleira - *Corylus avellana*
- Acivro, Xardón - *Ilex aquifolium*
- Aguia albela - *Circaetus gallicus*
- Arandeira - *Vaccinium myrtillus*
- Avelaiona - *Strix aluco*
- Bidueiro - *Betula celtiberica*
- Bufo pequeno - *Asio otus*
- Capudre - *Sorbus aucuparia*
- Carballo - *Quercus robur* / *Quercus petraea*

Centeo - *Secale cereale*
Chasca - *Saxicola torquata*
Cóbrega lagarteira común - *Coronella austriaca*
Coello - *Oryctolagus cuniculus*
Corta rubia - *Clethrionomys glareolus*
Corzo - *Capreolus capreolus*
Denociña - *Mustela nivalis*
Esgonzo común - *Anguis fragilis*
Esquíu - *Sciurus vulgaris*
Estripeiro - *Crataegus monogyna*
Fento común - *Pteridium aquilinum*
Ferreiriño de caluga negra - *Parus palustris*
Ferreiriño subeliño - *Aegithalos caudatus*
34 Ferreiriño - *Parus ater*
Festuca - *Festuca indigesta*
Freixo - *Fraxinus excelsior*
Herba das malladas - *Nardus stricta*
Lagartixa das brañas - *Lacerta vivipara*
Lúzula - *Luzula sylvatica*
Oso pardo - *Ursus arctos*
Ourizo - *Erinaceus europaeus*
Paporrubio común - *Erithacus rubecula*
Paporrubio real - *Pyrrhula pyrrhula*
Papuxa - *Sylvia sp.*
Pega marza / Gaio - *Garrulus glandarius*
Perdiz charrela - *Perdix perdix*
Perdiz rubia - *Alectoris rufa*
Peto real - *Dendrocopos major*



Pimpín común - *Fringilla coelebs*
Píntega rabilonga - *Chioglossa lusitanica*
Piñeiro rubio - *Pinus sylvestris*
Piorno - *Adenocarpus complicatus*
Piquelo azul - *Sitta europaea*
Pita do monte - *Tetrao urogallus*
Primavera - *Primula vulgaris*
Queiroga - *Erica sp.*
Rapina cinsenta - *Circus pigargus*
Saxifraga - *Saxifraga spathularis*
Seixebra - *Teucrium scorodonia*
Silva - *Rubus fruticosus*
Soldaconsolda - *Polygonatum odoratum*
Tartaraña azulada - *Circus cyaneus*
Teixo - *Taxus baccata*
Tordo malvís - *Turdus illiacus*
Trovisco macho - *Daphne laureola*
Uvas de can - *Tamus communis*
Uz branca - *Erica arborea*
Verberiana - *Valeriana montana*
Verderolo común - *Carduelis chloris*
Violeta - *Viola riviniana*
Xabaryl - *Sus scrofa*
Xenebreiro rastreiro - *Juniperus communis*
Xeneta, algaria - *Genetta genetta*
Xanzá - *Gentiana lutea*
Xesta branca - *Genista florida*
Xesta pudia - *Cytisus scoparius*





Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Medio Ambiente
Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental

Idea orixinal, realización e textos:



cem, s.coop.galega. ©

Fotografías: XK3 foto ©

Ilustracións: Rafa Salvadores ©, Suso Cubeiro © e Tokio ©

Deseño gráfico, infografía e maquetación:
Mazaira grafismo, s.l.

Impresión: Edym, s.l.

Depósito legal: C-224/2001